



XIX Feira Franca Lendas



Normas do Mercado de artesanía e alimentación

1. Duración e horarios

O mercado terá lugar o sábado 1 de setembro de 2018 de 11.00 a 22.00 horas. A MONTAXE farase de 06.00 a 10.00 horas e a DESMONTAXE a partir de 00.00 horas, respectando as normas de seguridade na instalación así como as normas en materia de ruído. Se ás 10.00 horas o posto non estivera montado, a organización reservarase o uso dese espazo.

2. Requisitos de acceso

Para entrar no proceso de selección para a colocación dun posto de mercado é preciso ser maior de idade e presentar a seguinte documentación:

- **Formulario** de solicitude e **aceptación** de normas debidamente cubertos e **asinados**.
- **Carta de produtos e prezos**.
- **Copia do DNI** da persoa representante.
- **Fotografías** do posto, dos produtos e da indumentaria.
- No caso dos postos de alimentación é preciso presentar unha copia dos **certificados de manipulación de alimentos** de todas as persoas que van atender o posto.
- No caso de que se dispoña, copia do **carné de artesan**.

Lembramos que a solicitude de participación e a achega de documentos pódese facer en www.feirafranca.gal no apartado "Participa".

A presentación de documentación falsa ou irregular será motivo de exclusión.

Aquelas solicitudes que non veñan acompañadas por algún dos documentos esixidos non serán admitidas.

A autorización para a montaxe dun posto no mercado non é transferíbel, a persoa titular será a responsábel de dita autorización.

As persoas responsábeis dos postos tamén son responsábeis da legalidade da súa xestión (actividade profesional, fiscalidade, contratación, seguridade e hixiene, montaxe, mantemento e funcionamento, etc).

3. Recepción de solicitudes

- Do 15 de xuño ao 16 de xullo de 2018. A data límite para presentar a solicitude é o 16 de xullo de 2018 ás 14.00 h.
- A documentación poderase presentarse na oficina da Feira Franca na rúa de Afonso XIII de 10.00 a 14.00 h ou de xeito telemático en www.feirafranca.gal.

4. Criterios de selección

- Na selección dos postos terase en conta a **orixinalidade, calidade, presentación e elaboración artesanal** e non se admitirá a venda daqueles produtos elaborados por procedementos industriais ou moi comercializados.



- A participación no mercado supón o compromiso de que os produtos á venda sexan elaborados de xeito artesanal.

5. Listaxe de postos admitidos

- A listaxe provisional de solicitudes admitidas publicarase a partir do día 23 de xullo de 2018 en www.feirafranca.gal e estará a disposición das persoas interesadas na oficina da Feira Franca.
- Abrirase un prazo de 7 días naturais para a presentación de reclamacións.
- A partir do 30 de xullo, publicarase a listaxe definitiva de solicitudes admitidas, contra esta listaxe non cabe ningunha alegación.

6. Taxas

- Unha vez publicada a listaxe definitiva, os postos admitidos deberán poñerse en contacto coa organización e pagar a cantidade establecida na correspondente ordenanza fiscal dependendo do espazo ocupado, e sempre previamente á instalación do posto. A taxa liquidarase no departamento de Xestión Tributaria do Concello de Pontevedra.

7. Seguro de Responsabilidade Civil

É de obrigado cumprimento para todos os postos de mercado admitidos (tanto alimentación como artesanía) ter un seguro de responsabilidade civil, comprobando que estea vixente o día da feira e que cubra a actividade específica que se vai desenvolver. Deberase entregar á organización copia da póliza e do recibo correspondente.

8. Espazos e ambientación

Lembramos que a Feira Franca é a recreación dunha feira medieval e, por iso, é importante seguir unha serie de pautas e liñas estéticas acordes coa época:

- **NON ESTÁ PERMITIDO O USO DE BOLSAS, VASOS, PRATOS E CUBERTOS DE PLÁSTICO.**
- Os **postos deben ser de madeira** ou, en caso contrario, estar cubertos e decorados con tecidos rústicos (liño, lenzo, tea de saco...).
- En caso de chuvia, os postos deberán estar provistos dos materiais apropiados para protexerse. Se os materiais fosen de plástico, **deberán estar totalmente ocultos.**
- Non estarán á vista plásticos nin materiais que non estean acordes coa festa.
- Os postos exteriores **NON poden estar cubertos de papel.**
- Todos os produtos que se vendan deben estar embalados con materiais típicos da época e **quedan expresamente prohibidos o plástico e o aluminio.**
- Quedan totalmente prohibidas as carpas industriais, toldos de plástico e estruturas artificiais non acordes coa época.
- Os postos de alimentación deberán ocultar bombonas, cocifñas e calquera outro elemento que resulte anacrónico.
- Todos os carteis, prezos e rótulos estarán redactados en **galego** e adaptados á estética medieval.
- Todas as persoas que vaian estar no posto vestirán **traxes adecuados** á época histórica en que se ambienta a festa.
- **Non se fará publicidade** de ningunha marca comercial.
- Este ano a **XIX Feira Franca está dedicada as Lendas**, polo que tanto a ambientación do espazo como as actividades organizadas poderán xirar en torno a ese tema.
- **A música e a animación deben ter unha temática exclusivamente medieval.** Calquera outro tipo de música e alteración do espírito da época da festa non está permitido.

XIX Feira Franca Lendas

- Establecerase un horario de montaxe e desmontaxe de postos para o acceso de vehículos ao recinto do mercado.
- Cada participante é responsábel da limpeza e da seguridade interna do seu posto. **As persoas responsábeis do posto tomarán as medidas necesarias para non deixar restos de lixo, manchas de graxa, aceite ou similares no lugar que ocuparon.**
- Esíxese que haxa un depósito de lixo en cada posto de comida, acorde coa ambientación da festa (sacos, cestos...).
- As **estruturas fixas** dos postos deberán estar **alonxadas 3 metros dos xiros das rúas.**
- Os postos deberán ter nun lugar visíbel o **número de identificación** asignado pola organización.
- **Cada participante deberá respectar o espazo asignado pola organización.**
- Non está permitida a presenza de animais nos postos.
- Iluminación: poderá conectarse ao cadro eléctrico máis próximo. Non está permitida a conexión de pranchas, fornos eléctricos ou calquera outro aparato que poida provocar cortes no subministro eléctrico; as persoas titulares do posto son responsábeis dos danos e avarías que poidan causar.
- **Só se poderán vender os produtos que foron autorizados.**
- **Os postos ofertarán produtos acordes co espírito da festa** e de boa relación calidade/prezo.
- **A listaxe de prezos non se alterará ao longo do día e deberá estar á vista.** Non se poderán cobrar prezos abusivos nin modificar a calidade do produto que se venda.
- O cartel da listaxe de produtos e prezos debe facer referencia á existencia de follas de reclamación a disposición do público.

9. Lumes e grellas

Os postos que queiran facer lume deberán facelo constar na solicitude de participación.

O lume farase no espazo que asigne a ORGANIZACIÓN para ese fin en cada caso.

NON SE PODE FACER LUME DEBAIXO DE toldos, instalacións eléctricas ou outros ELEMENTOS SUSCEPTÍBEIS DE ARDER.

O ESPAZO NO QUE SE FAGA O LUME DEBE ESTAR PERFECTAMENTE PARAMENTADO, impedindo o acceso ao mesmo de toda persoa allea ao cociñado.

O LUME DEBE DE ESTAR CORRECTAMENTE ILLADO MEDIANTE O USO DE PRANCHAS METÁLICAS EN TRES DAS CATRO CARAS DO SOPORTE.

AS PRANCHAS METÁLICAS DEBEN ESTAR DEBIDAMENTE ILLADAS POLA PARTE EXTERIOR para impedir queimaduras a terceiras persoas.


Os postos terán no espazo delimitado para o lume un **EXTINTOR 6 kg EFICACIA 21 A-113 B** ou dous de 3 kg.

Os extintores deberán cumprir coas revisións correspondentes (non caducados e retimbrados).

A delimitación do espazo do lume, a protección do lume e o extintor deben estar **LISTOS PARA A REVISIÓN** por parte dos servizos de seguridade **ÁS 10 HORAS DA MAÑÁ.**

O APAGADO DOS LUMES deberá realizarse antes das 24 horas do sábado.

O incumprimento desta normativa de lumes será motivo para o precinto inmediato do espazo autorizado.



10. Regras de seguridade e hixiene para o mercado

- As instalacións deben estar limpas e en boas condicións para evitar o risco de contaminación dos alimentos.
- Todos os establecementos que confeccionan alimentos deberán estar dotados de condicións frigoríficas e equipamentos apropiados para a súa conservación.
- Os produtos alimenticios que estean expostos no exterior dos establecementos deberán estar en recipientes apropiados.
- Deben vixiarse os alimentos que precisen ser servidos en frío evitando todos os riscos para a saúde.
- Os espazos deberán ser dotados de medios eficaces de loita contra incendios.
- O persoal do establecemento debe extremar as medidas de hixiene.
- Non está permitido que o persoal que se encargue dos cobros manipule tamén os alimentos.
- O persoal do establecemento que estea en contacto cos alimentos debe posuír o certificado de manipulador/a de alimentos, que se presentará xunto coa solicitude.
- Todos os artigos, aparellos e equipamentos deben ser mantidos limpos e en bo estado de conservación.
- Os pratos, cubertos, copas... deberán ser colocados nas mesas ou nos balcóns pouco antes de que se inicie a actividade.

O INCUMPRIMENTO DE CALQUERA DESTAS NORMAS SUPÓN A EXCLUSIÓN INMEDIATA DA PARTICIPACIÓN NO MERCADO.

A organización resérvase o dereito de facer calquera modificación no mercado así como a anulación deste por cuestións de seguridade ou de forza maior.

* Todos os formularios poden cubrirse en liña ou descargarse en www.feirafanca.gal





XIX Feira Franca Lendas

Núm. Solicitud

M

Solicitud de participación para mercado

Datos da persoa ou empresa que fai a solicitude:

Nome comercial.....

Nome e apelidos.....

DNI ou CIF.....

Número de teléfono.....

Enderezo.....

Enderezo electrónico.....

Participación en edicións anteriores.....

Explique a actividade que quere desenvolver:

.....
.....
.....
.....

Persoas que van estar no posto:

Nomes e apelidos.....

.....

Función no posto.....

.....

Características do posto:

Altura.....

Anchura.....

Lonxitude.....

Lume: SI NON Tipo de lume.....

Materiais usados na súa construción:

.....
.....

Actividades complementarias:

.....
.....

Pontevedra, de de 2018



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Compromiso de colaboración e responsabilidade

Eu (nome e apelidos)
con DNI enderezo en
..... e teléfono.....

Asumo os compromisos estipulados nas Normas do Mercado anexos á solicitude presentada e entendo que, en caso de non respectalos, **a organización poderá excluír a miña solicitude** ou ben procederá á **retirada dos elementos non autorizados ou do propio posto** durante o día da celebración da XIX Feira Franca.

Ademais entendo que as posíbeis infraccións cometidas serán recollidas pola organización, quen se reservará o **dereito de excluír a miña candidatura** para próximas edicións da Feira Franca.

Así mesmo, **DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

- estar ao corrente das obrigas legais, fiscais, laborais, medioambientais e hixiénico sanitarias do exercicio da miña actividade.
- que no caso de vender produtos alimentarios estes cumpren coas normas de seguridade e hixiene vixentes.
- **que entendo e acepto o presente documento, polo que veño obrigado/a a subscribir un seguro de responsabilidade que cubra o espazo autorizado pola organización e a miña actividade desenvolvida no mesmo.**

E para que así conste para os efectos oportunos **asino o presente compromiso** de colaboración e responsabilidade.

Pontevedra, de de 2018

A organización

Asdo:.....

AVISO LEGAL: En cumprimento do establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante RGPD) informámoslle que os seus datos persoais serán tratados e quedarán incorporados nos ficheiros de Feira Franca XIX, co fin de prestarlle os servizos de xestión solicitados. Neste sentido, vostede consente de forma expresa que os seus datos sexan tratados por Feira Franca XIX para dar cumprimento á finalidade indicada anteriormente así como para remitirle información relativa aos devanditos servizos. Así mesmo, informámoslle que vostede pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dispostos legalmente fronte a Feira Franca XIX.

Consinto o tratamento dos meus datos, por parte de Feira Franca XIX, para os fins relativos aos servizos anteriormente expostos.

En a, de do ano
Asinado:

* Todos os formularios poden cubrirse en liña ou descargarse en www.feirafranca.gal